

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ALBEIROS

CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

DEPARTAMENTO: INGLÉS

DATA: 11/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 .Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB 1.1.Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves aprendidos a través de xogos.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1 Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.

<p>B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</p> <p>B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos.</p> <p>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos</p>	<p>PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala</p> <p>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)</p> <p>PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente</p>
---	---

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1 Comprende o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos, cancións) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e por medios que non distorsionen a claridade da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión da mesma.</p>	<p>PLEB 1.1 Comprende a información xeral dun conto breve e sinxelo, emitido lentamente, cunha pronunciación ben articulada e con apoios visuais moi redundantes que axuden á súa comprensión.</p>
<p>B2.3 Produce patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso diario.</p>	<p>PLEB 2. 5 Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</p>
<p>B 3. 4 Le textos moi breves e sinxelos traballados previamente.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente</p>
<p>B 4. 2 Emprega as estratexias básicas máis axeitadas para a produción de textos escritos.</p>	<p>PLEB 4. 3 Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>
<p>B 5. 14 Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</p>	<p>PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.</p>

### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

#### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en vídeos ou pistas de son, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), articulados con claridade e lentamente transmitidos por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado
B2.2. Participar de forma activa e comprensible en actividades e xogos que impliquen a produción oral , aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente na aula.
B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas e cunha ortografía aceptable.	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses
B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.

## 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1 Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados á súa idade.
B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.	PLEB2.8. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.
B3.1 Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. PLEB3.9. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.	PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais. PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual seguindo o modelo traballado. PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC. PLEB4.10. Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma

	correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.

## 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo. B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación	PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que	PLEB3.1 Comprende información básica escrita relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio

<p>conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p> <p>B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</p>	<p>visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.</p> <p>PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación</p> <p>PLEB3.8. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.</p>
<p>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos</p> <p>B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades elaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.</p>	<p>PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.</p> <p>PLEB4.4. Aмосa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.</p> <p>PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves.</p>
<p>B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</p> <p>B5.3. Aмосar interese en participar en actividades individuais.</p> <p>B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B5 .11 Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade adecuándoas aos propósitos comunicativos</p>	<p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</p> <p>PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</p> <p>PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.</p>

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Identificar o sentido xeral e a información esencial en pistas de audio breves e sinxelas en lingua estándar, con estruturas simples e	PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música,



<p>léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade, transmitidos por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, sempre en condicións acústicas boas, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p>	<p>deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p>
<p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.</p>	<p>PLEB2.1. Participa en monólogos breves, sobre temas cotiás ou do seu interese usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible..</p>
<p>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiás ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida rler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual. B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo. PLEB3.3. Comprende correspondencia breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.</p>
<p>B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación. B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</p>	<p>PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais. PLEB4.2. Escribe textos nos que fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) .</p>

B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información)  
B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas.  
B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.

PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

## 1. Avaliación e cualificación

### Avaliación

**Procedementos:** A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e global e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso.

En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

Teranse en conta, dentro do posible, os criterios establecidos na programación da área enviada ao comezo do curso 2019-2020 e os adoptados nesta situación extraordinaria da COVID-19.

Para o alumnado de 1º e 2º onde a destreza oral da lingua estranxeira ten un peso específico moi importante terase en conta que neste momento é máis difícil de avaliar e require uns criterios diferenciados ao resto dos cursos onde as catro destrezas (Listening, Speaking, Reading e Writing) teñen unha presenza máis equilibrada.

Considerarase a calidade e cantidade das tarefas realizadas así como o grao de interese posto por manter a comunicación e a entrega das mesmas, en calquera dos medios postos ao seu alcance.

Quen promocióne sen superar todas as áreas, seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dita programación.

A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

### Instrumentos:

Corrección periódica das tarefas creadas na Aula Virtual, en webs educativas como <https://www.liveworksheets.com/> ou no seu defecto, de correos electrónicos recibidos co material e actividades feitas polo alumnado.

Cada alumno/a terá que entregar a través dos medios indicados as seguintes tarefas:

**1º e 2º.** Unha tarefa quincenal.

**3º, 4º, 5º, e 6º** Unha/dúas tarefas semanais.

Tamén se terán en conta as interaccións orais e tarefas realizadas co alumnado a través da plataforma Webex no 5º curso polo momento, a espera de outras decisións que se tomen a nivel de equipo nos cursos restantes.

Todos os resultados serán transferidos ás rúbricas cos indicadores de logros correspondentes e o grao de consecución dos obxectivos marcados e aos cadernos de rexistro empregados xa habitualmente.

A consecución de ata máximo 1 punto sobre a nota numérica da segunda avaliación será distribuída de acordo á rúbrica seguinte:

	<p>1º e 2º de E.Primaria</p> <table border="1" data-bbox="475 181 1458 459"> <tr> <td data-bbox="475 181 751 300">ENTREGAS (Tres tarefas. Ata 0,30 puntos)</td> <td data-bbox="751 181 1067 300">CUALIFICACIÓN DAS ENTREGAS (Ata 0,60)</td> <td data-bbox="1067 181 1458 300">INTERESE.COMUNICACIÓN. PARTICIPACIÓN</td> </tr> <tr> <td data-bbox="475 300 751 418">Sen entregas 0 Cada entrega 0,10</td> <td data-bbox="751 300 1067 418">Nota media obtida nas actividades realizadas</td> <td data-bbox="1067 300 1458 418">A través de calquera das canles habilitadas.(0,10)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="475 418 751 459">Total: 0,30</td> <td data-bbox="751 418 1067 459">0,60</td> <td data-bbox="1067 418 1458 459">0,10</td> </tr> </table> <p>3º,4º,5º,6º</p> <table border="1" data-bbox="475 539 1458 819"> <tr> <td data-bbox="475 539 751 658">ENTREGAS (6 tarefas. Ata 0,30 puntos)</td> <td data-bbox="751 539 1067 658">CUALIFICACIÓN DAS ENTREGAS (Ata 0,60)</td> <td data-bbox="1067 539 1458 658">INTERESE.COMUNICACIÓN. PARTICIPACIÓN (Ata 0,10)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="475 658 751 777">Cada entrega puntuará 0,05</td> <td data-bbox="751 658 1067 777">Nota media obtida nas actividades realizadas</td> <td data-bbox="1067 658 1458 777">A través de calquera das canles habilitadas (0,10)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="475 777 751 819">Total: 0,30</td> <td data-bbox="751 777 1067 819">0,60</td> <td data-bbox="1067 777 1458 819">0,10</td> </tr> </table>	ENTREGAS (Tres tarefas. Ata 0,30 puntos)	CUALIFICACIÓN DAS ENTREGAS (Ata 0,60)	INTERESE.COMUNICACIÓN. PARTICIPACIÓN	Sen entregas 0 Cada entrega 0,10	Nota media obtida nas actividades realizadas	A través de calquera das canles habilitadas.(0,10)	Total: 0,30	0,60	0,10	ENTREGAS (6 tarefas. Ata 0,30 puntos)	CUALIFICACIÓN DAS ENTREGAS (Ata 0,60)	INTERESE.COMUNICACIÓN. PARTICIPACIÓN (Ata 0,10)	Cada entrega puntuará 0,05	Nota media obtida nas actividades realizadas	A través de calquera das canles habilitadas (0,10)	Total: 0,30	0,60	0,10
ENTREGAS (Tres tarefas. Ata 0,30 puntos)	CUALIFICACIÓN DAS ENTREGAS (Ata 0,60)	INTERESE.COMUNICACIÓN. PARTICIPACIÓN																	
Sen entregas 0 Cada entrega 0,10	Nota media obtida nas actividades realizadas	A través de calquera das canles habilitadas.(0,10)																	
Total: 0,30	0,60	0,10																	
ENTREGAS (6 tarefas. Ata 0,30 puntos)	CUALIFICACIÓN DAS ENTREGAS (Ata 0,60)	INTERESE.COMUNICACIÓN. PARTICIPACIÓN (Ata 0,10)																	
Cada entrega puntuará 0,05	Nota media obtida nas actividades realizadas	A través de calquera das canles habilitadas (0,10)																	
Total: 0,30	0,60	0,10																	
<b>Cualificación final</b>	<p>A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre <b><i>as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso.</i></b></p> <p>A cualificación final do curso obterase a partir da nota numérica da segunda avaliación. Esta poderá verse incrementada ata un máximo de 1 punto en función das actividades realizadas no 3º trimestre.</p> <p>Teranse en conta tamén as tarefas entregadas durante este período de suspensión das clases, o grado de participación do alumnado na realización e envío das mesmas (tendo en conta as súas circunstancias de comunicación) e valorarase positivamente tamén o grado de interese na participación das actividades online se as houberse.</p>																		
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b> Prestarase especial atención á avaliación do alumnado con materias pendentes. Teranse en conta os traballos dos alumnos así como a actitude de cara á aprendizaxe. Enténdese a aprendizaxe como un proceso contínuo, no que os contidos se interrelacionan.</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.</p> <p>No caso de alumnado que envíe as tarefas requiridas encamiñadas á recuperación da materia pendente, terase en conta o establecido para o resto do alumnado.</p>																		
<b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación .</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fichas enviadas a través dos distintos métodos.</li> <li>• Corrección periódica das tarefas creadas na Aula Virtual, en webs educativas como <a href="https://www.liveworksheets.com/">https://www.liveworksheets.com/</a> ou no seu defecto, de</li> </ul>																		

	<p>correos electrónicos recibidos co material e actividades feitas polo alumnado. Tamén se terán en conta as interaccións orais e tarefas realizadas co alumnado a través da plataforma Webex.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación activa nas actividades online(5º). Contestacións a preguntas orais sinxelas e lectura de textos sinxelos.</li> <li>• Todos os resultados serán transferidos ás rúbricas cos indicadores de logros correspondentes e aos cadernos de rexistro empregados habitualmente, así como á rúbrica final.</li> </ul>
--	---

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse <b>actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores</b> que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Esta ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p> <p>Na medida do posible, deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporanse actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> <p>As actividades serán deseñadas en función das necesidades de cubrir as catro destrezas da área, pero dadas as circunstancias o bloque de expresión oral queda practicamente ausente ao non poder realizar conexión con todo o alumnado tanto pola fenda dixital existente como pola escasa formación neste aspecto.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><b>Alumnado con conectividade:</b> Unha vez comunicado ao alumnado como será o procedemento de avaliación, e unha vez comunicado que o traballo do terceiro trimestre, segundo as instrucións da consellería, terá un carácter de repaso, reforzo e ampliación de aprendizaxes moi concretos, a metodoloxía necesariamente será motivadora a través de actividades globais que integren na medida do posible varias competencias básicas .</p> <p><b>Alumnado sen conectividade:</b> Igual. As actividades propostas faranse chegar a través doutras canles.</p> <p><b>METODOLOXÍA</b></p> <p>Dende o principio da suspensión das clases na área de lingua estranxeira traballase coas seguintes estratexias:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Envío de bloques das actividades quincenalmente. As actividades están debidamente explicadas e guiadas para fomentar unha meirande autonomía do alumnado e unha mellor titorización por parte das familias. Estrutúranse en sesións correspondendo ao día en que cada grupo ten no seu horario para facilitar a progresión.</li> </ol>

	<ol style="list-style-type: none"> <li>2. Envío de bloques de autocorrección. Cada quincena xunto ao bloque novo de actividades envíase o bloque anterior coas correccións. Algunhas poden realizarse na propia plataforma online. Permiten a autoaprendizaxe e feedback individual.</li> <li>3. Envío de actividades a través de distintos medios e plataformas. As tarefas realizadas online poden enviarse dende a propia plataforma empregada ao correo das titoras. O resto do alumnado farao chegar a través do e-mail corporativo ou a través dos medios establecidos cos enlaces das súas titorías.</li> <li>4. Buscarase a posibilidade de realizar unha clase online semanal para traballar estratexias orais e coordinar o resto das tarefas naqueles cursos nos que sexa posible, tendo en conta a conectividade do alumnado e os acordos do equipo docente de cada grupo.</li> <li>5. Todos os bloques son enviados aos titores correspondentes cada quincena e ao mesmo tempo sóbense á aula virtual do centro. Nos cursos de E. Infantil, 1º, 2º, 3º, e 4º o acceso é como convidados. En 5º e 6º acceden con usuario e contrasinal.</li> <li>6. Na aula virtual créanse foros nos cursos máis altos para que podan participar e deixar as súas dúbidas e manter contacto directo coas profesoras. De non empregar este medio, poden facelo a través do servizo de mensaxería da plataforma ABALAR e do correo corporativo. O emprego do teléfono persoal só se fará en casos extremos e puntuais de falta de conectividade.</li> <li>7. Co alumnado máis pequeno tratarase de subir material á aula virtual ou poñelo ao seu acceso a través dos medios ao seu alcance.</li> <li>8. Cando sexa posible establecerase unha sesión de “titoría online” asignando unha hora semanal por curso na que as profesoras da área crearán na plataforma CISCO WEBEX unha reunión para que o alumnado e os pais poidan establecer contacto para resolver dúbidas, consultar aspectos relacionados coas actividades ou sinxelamente crear unha canle máis de comunicación entre docente e alumnado. O horario será o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1º Primaria: Martes ás 11:00</li> <li>• 2º Primaria: Martes ás 11:00</li> <li>• 3º Primaria: Martes ás 12:00</li> <li>• 4º Primaria: Mércores ás 11:00</li> <li>• 5º A: Mércores ás 12:00 e 16:00</li> <li>• 5º B: Martes ás 12:00 e 16:00</li> <li>• 6º A: Mércores ás 15: 40</li> <li>• 6º B: Martes ás 13:00</li> </ul> </li> <li>9. Coordinación co titor/a e / ou equipo docente correspondente a cada curso para a organización de envío de material e información dos canles de comunicación co alumnado así como da resposta ao desenvolvemento das actividades. O número de alumnos por profesora ( aproximadamente 200) dificulta a comunicación directa con todos eles, polo que a coordinación docente considérase fundamental para obter información grupal e puntual.</li> </ol>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficheiros de actividades en formato PDF (incluíndo contidos que abranguen as catro destrezas -comprensión e produción oral e escrita- da lingua estranxeira, así como xogos e tarefas que fagan o proceso de ensino-aprendizaxe o máis lúdico e significativo posible).</li> </ul>

	<p>Estes son enviados por correo electrónico aos titores/as ou proxenitores delegados de cada grupo, así como publicados na Aula Virtual do CEIP.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A información recollida neses ficheiros incluíra recursos de elaboración propia, así como de webs educativas como <a href="http://iscollectives.com">iscollectives.com</a>, <a href="http://liveworksheets.com">liveworksheets.com</a> ou <a href="http://macmillaneducationeverywhere.com">macmillaneducationeverywhere.com</a>, sen esquecer o material audiovisual provinte de <a href="http://Youtube.com">Youtube.com</a> e de páxinas de recursos para a aprendizaxe da lingua estranxeira a través de organismos como British Council, Cambridge University, Oxford University, Centros educativos estranxeiros, organismos educativos correspondentes a outros países de fala inglesa, etc.</li> <li>• Aula Virtual do centro</li> <li>• Plataforma Cisco Webex</li> <li>• Correo electrónico corporativo.</li> <li>• Plataforma Abalar.</li> <li>• Whatsapp persoal.</li> <li>• Teléfono móbil persoal.</li> <li>• Conexión á rede persoal.</li> <li>• Ordenador persoal.</li> </ul>
--	--

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O centro informará ás familias a través dunha circular, da publicación na web deste documento. Ademais indicarse que as posibles dúbidas, aclaracións se consulten ao titor polo medio habitual de comunicación con este, a través do cal lles fará chegar dita información.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.